

Estimadas/os veciñas/os:

Dende o Concello das Somozas temos o pracer de comunicarlles que o Departamento de Servizos Sociais, está a organizar un Taller que ten por nome “TALLER DE HABILIDADES COGNITIVAS-OBRAOIRO DA MEMORIA”, dirixido a persoas de 60 ou máis anos. Dará comenzo o **LUNS 1 DE ABRIL ATA O LUNS 3 DE XUÑO** e terá lugar no “**CENTRO CÍVICO MUNICIPAL A GARITA**”.

Os destinatarios desta actividade terán que cumprir o requisito de ter cumpridos os 60 anos.

Os días de realización serán **os LUNS E MÉRCORES DE 16:00 A 17:30 H.**

Enviamos con esta carta un anexo onde deberá indicar a intención de participar nesta actividade, e que farán chegar á Traballadora Social do Concello, **antes do día 28 DE MARZO, en horario de 10:00 a 14:00 h. TFNO: 981.40.41.01**

Esta carta está dirixida a **TODOS OS MEMBROS** da súa unidade familiar que cumpran o requisito da idade. Se ten algún coñecido que esté interesado, comuníquelle que se poña en contacto con nós.

Reciban un cordial saúdo.

As Somozas, 12 de marzo de 2019

O alcalde,



Asdo./ Juan Alonso Tembrás

(No caso de que as solicitudes superen as prazas dispoñibles, terán preferencia os interesados de maior idade e a orde de inscrición): **É OBRIGATORIO TERSE APUNTADO NO CONCELLO PREVIAMENTE**